

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA PARA A XESTIÓN DO COÑECEMENTO EN SAÚDE E A FUNDACIÓN PÚBLICA GALEGA INSTITUTO DE INVESTIGACIÓN SANITARIA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (FIDIS) PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA PARA O IMPULSO DE ACTIVIDADES DE FOMENTO DA INVESTIGACIÓN TRASLACIONAL DE EXCELENCIA EN SAÚDE DE GALICIA (Programa InTrES)

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA:**

Que a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (ACIS) e a Fundación Pública Galega Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela (FIDIS) asinaron o 08.11.2024 o convenio arriba referido. O convenio estará vixente dende a data da súa sinatura ata o 30 de novembro de 2026.

Que o instrumento convencional ten por obxecto a realización dun conxunto de actividades dirixidas a impulsar o fomento da investigación traslacional no eido do Programa InTrES que permitan implantar un núcleo de excelencia que promova a colaboración e o intercambio de coñecemento así como o desenvolvemento e a innovación tecnolóxica necesarios para incrementar a competitividade e a mellora da saúde da cidadanía, propiciando para elo a colaboración entre os axentes implicados en actividades de I+D+i de saúde e que sexan xestionadas pola FIDIS para o período 2024-2026.

Tódalas actividades terán como finalidade acadar unha investigación científica traslacional de excelencia, xunto co desenvolvemento e a innovación tecnolóxica, todo elo de acordo coas seguintes liñas de actuación:

- Incrementar a cultura científica, tecnolóxica e innovadora dos principais axentes do ecosistema galego de I+D+i en saúde.
- Incrementar a difusión dos resultados da investigación científico-técnica e da innovación financiados con fondos públicos.
- Mellorar a educación científico-técnica da sociedade en todos os niveis.
- Colaborar na profesionalización da divulgación científica e apoiar o establecemento de sinerxias e aproveitamento de recursos dos axentes do sistema de divulgación do coñecemento en saúde.

A ACIS financiará por un importe total de trescentos corenta e cinco mil sesenta euros (345.060€) as actuacións para as anualidades 2024, 2025 e 2026.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do referido obxecto.

Que o convenio fundaméntase no seguinte:

1. Que a Fundación Pública Galega Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela (en adiante a FIDIS) traballa para promover a investigación, a docencia, o desenvolvemento científico e a innovación nas áreas sanitarias de Santiago e Lugo, Cervo e Monforte. Para conseguilo, emprega a innovación como ferramenta para transferir os resultados da investigación á sociedade, dando apoio e asesoramento en todas as fases da cadea de valor da investigación biomédica e da saúde en xeral, apoiando aos investigadores asociados a Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela (IDIS), nos seus grupos de Investigación, e promovendo a transferencia dos resultados obtidos na investigación científica para reverter na saúde do futuro, mantendo colaboracións estreitas e permanentes con diversos axentes dentro do tecido económico dos campos tecnolóxicos, farmacéuticos e alimentarios.
2. Que a FIDIS é unha Fundación de interese galego de conformidade coa Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego con personalidade xurídica propia e sen ánimo de lucro, e coa Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia; e réxese ademais polo Decreto 14/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de fundacións de interese galego e polo Decreto 15/2009, de 21 de xaneiro polo que se aproba o regulamento do Rexistro de fundacións de interese galego; e que ten por obxecto impulsar a investigación, a docencia, o desenvolvemento científico-tecnolóxico e a innovación no ámbito sanitario e en Ciencias da Saúde, así como a realización de outras actividades que poidan contribuír á consecución do obxecto fundacional, caracterizado polo interese xeral galego. Con ese propósito, a Fundación serve de apoio, asesoramento e xestión aos profesionais e investigadores, nos centros do Sistema Público de Saúde de Galicia e contribúe eficazmente á consecución dos obxectivos fundacionais, recabando o apoio das entidades públicas e privadas para os seus fins, realizando labores de difusión e divulgación da actividade investigadora dos centros de investigación de Galicia, aumentando progresivamente de este modo a súa capacidade para competir e a calidade da súa produción científica.
3. A Fundación está integrada no sector público autonómico de conformidade co previsto no artigo 45 da Lei 7/2022, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas e de conformidade co acordo do Consello da Xunta de Galicia de data 28 de decembro de 2023 no que se aprobou a modificación dos seus estatutos, polo que ten a consideración de medio propio instrumental e servizo técnico da Xunta de Galicia, o que implica a súa vinculación ao réxime dos artigos 47 e seguintes da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e

funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia e está adscrita á consellería competente en materia de sanidade, a través do Servizo Galego de Saúde.

4. Que a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (ACIS), creada polo Decreto 112/2015, adscrita á Consellería de Sanidade se encadrada nas entidades públicas instrumentais reguladas no Título III da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, ten entre os seus obxectivos estratéxicos a creación e desenvolvemento de mecanismos e instrumentos que faciliten a innovación mediante a consolidación de estruturas horizontais de apoio aos axentes involucrados na I+D+i sanitaria e a promoción da cooperación entre os sectores público e privado, de xeito que as actividades científicas xeren resultados de valor engadido que poidan ser transferidos ao sector produtivo e, por tanto, á sociedade no seu conxunto.
5. A Lei 1/2018, do 2 de abril, pola que se modifica a Lei 8/2008, de 10 de xullo, de saúde de Galicia, establece no artigo 131 que a Administración sanitaria promoverá a investigación biosanitaria, especialmente na súa vertente traslacional, como un instrumento para a mellora da saúde da poboación tendo en conta as prioridades marcadas nos plan de investigación e innovación vixentes en cada momento. Tódolos centros e servizos sanitarios estarán en disposición de favorecer e desenvolver a investigación, e promoverán a cultura científica, tecnolóxica e de innovación. A Administración sanitaria tamén promoverá a valorización, a protección e a transferencia do amplo coñecemento xerado polo seu persoal e/ou nos seus centros co obxecto de que os resultados da investigación sexan transferidos á sociedade, así como un modelo de innovación aberta orientado a impulsar a creatividade, a cooperación e a aplicación no sistema sanitario dos cambios que acheguen valor a pacientes e profesionais, alineándose coa Estratexia Galega de Especialización Intelixente (RIS3), concretamente no reto 3, prioridade 3, definida como enfoque cara ás persoas, ao orientar os esforzos en I+D+i cara as necesidades e o benestar das persoas, e consolidación de Galicia como unha contorna de referencia mundial para o desenvolvemento e testeo de novas oportunidades e solucións innovadoras dirixidos a elas.
6. O obxectivo deste convenio de colaboración é a articulación dunha axuda de concesión directa para a realización de actuacións dirixidas a impulsar actividades recompiladas no ámbito do Programa InTrES que permitan implantar un núcleo de excelencia que fomente a colaboración e o intercambio de coñecemento así como o desenvolvemento e a innovación tecnolóxica necesarios para incrementar a competitividade e a mellora da saúde da cidadanía, propiciando para elo a colaboración entre os axentes implicados en actividades de I+D+i de saúde e que sexan xestionadas pola FIDIS para o período 2024 – 2026.
7. O Convenio de colaboración para o desenvolvemento do Programa InTrES é un instrumento eficaz de financiamento para a promoción da I+D+i de excelencia nas institucións sanitarias

de Galicia. O Programa InTrES ten como finalidade acadar unha investigación científica traslacional de excelencia, xunto co desenvolvemento e a innovación tecnolóxica.

8. Dada a especificidade do obxecto do convenio de colaboración, non procedía a realización dunha convocatoria pública para o desenvolvemento das actuacións do mesmo, debido as especiais características e singularidade da FIDIS como centro de referencia no ámbito sanitario e en Ciencias da Saúde no seu ámbito territorial.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non podían satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago,

